



Organiza:

Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono e fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.gal
www.academiagalegabelasartes.gal

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR CAPACIDADE

Patrocina:



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Real Academia Galega de Belas Artes

CONCERTO "DÍA DAS ARTES GALEGAS 2023 MARTÍN CODAX"

BEATRIZ RIOBÓ, *soprano*
ALEJO AMOEDO, *piano*

Xoves, 12 de setembro de 2023
Ás 20:00 horas
Auditorio Municipal de Lalín
Rúa Banda de Música de Lalín, s/n, Lalín (Pontevedra)

concerto

BEATRIZ RIOBÓ AGULLA

Obtén o título Superior de Canto da man da soprano Teresa Novoa. Pósúe diploma en Gaita Galega polo Conservatorio Superior de Música de Vigo, licenciada en Filoloxía Germánica pola UVigo, postgraduado en canto polo Royall College of Music de Londres e Máster en Investigación Musical pola VIU. Ademais, foi gañadora da bolsa Juventudes Musicales de España no ano 2002.

Dende 1997 a 2005 traballou no Teatro Real de Madrid e no Auditorio Nacional de Música baixo a batuta de Pedro Halffter, Cristobal Halffter, Krzysztof Penderecki, Marc Soustrot, Daniel Lipton, Friedich Haider, Jesús López Cobos, Antoni Ros Marbá, García Navarro ou Peter Schneider entre outros. Realizou xiras por Italia, Suíza, Canadá, Bélxica, Francia, Portugal, EEUU e Inglaterra. Tamén impartiu masterclasses de canto nos conservatorios de Turquía (Istambul e Esmirna), Italia (Bari, Palermo, Parma), Bosnia (Saraievo), Serbia (Novisad) e Croacia (Zagreb).

Entre as gravacións nas que participa destacan Henry Clifford de Albéniz para Decca no 2003 e Merlin de Albéniz para a BBC in 2004. Ademais participa na estrea da opera O Quixote e a obra de cámara ÓPERA de Cristóbal Halffter, Labirinto Azul de Juan Eiras ou Canticum de Angel Barja.

No ano 2005 gaña a praza de canto no conservatorio profesional de música de Vigo.

ALEJO AMOEDO

Pianista especializado no repertorio de compositores/as galegos/as. Doutor pola Universitat Politècnica de València, pertence ao Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas con destino no CSMVIGO. Dos seus traballos discográficos destacan o triplo CD Antoloxía de Compositores Galegos (Ouvirmos, 2013), co clarinetista Asterio Leiva; Evocación (Dos Acordes, 2016), coa obra para piano só de Reveriano Soutullo; Cantos á natureza (Fervenzas, 2018), ao carón da soprano Susana de Lorenzo e o tenor Cesáreo Torres, textos de Neira Vilas, musicados polos compositores/as Juan Durán, Margarita Viso, María Mendoza, Xabier Comesanha e Paulino Pereiro; e o máis recente, (di) Versos Femeninos (RDC, 2022) coa mezzosoprano Nuria Lorenzo e a música de Juan Durán, producido por Antonio Cid.

No 2022 é elixido membro electivo do Plenario do Consello da Cultura Galega e nomeado vogal da súa Comisión Executiva, así como coordinador do Arquivo Sonoro de Galicia. Foi galardoado co «Premio da Crítica de Galicia» (2021) e co «Premio da Música Gregorio Baudot» (2022).

PROGRAMA

MARTÍN CODAX, A IDENTIDADE DA MÚSICA GALEGA

Juan Durán, Académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes

CANTIGAS DE MARTÍN CODAX

Versión para canto e piano de Margarita Viso

1. Eno sagrado, en Vigo
2. Ai ondas, que eu vin ver
3. Quantas sabedes amar amigo
4. Ai Deus, se sab'ora meu amigo
5. Mia irmana fremosa
6. Ondas do mar de Vigo
7. Mandad'ei comigo

SOEDADES

de Marcial del Adalid a partir dun texto popular

AS LIXEIRAS ANDURIÑAS

de Juan Montes, con texto de Salvador Golpe

CANTIGA

de José Castro Chané, con texto de Curros Enríquez

MAYO LONGO

de José Baldomir con texto de Rosalía de Castro.